




DE TIRÁN A MEIRA (MOAÑA)

Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2019



Distancia: O percorrido de ida achégase aos 5 km, a volta, sen desvíos, non chega aos 4 km

Dificultade: baixa



Unha ruta dada, maiormente urbana, para percorrer o litoral das enseadas de Moaña e Meira entre a praia e o peirao do Con e o fondo do esteiro do rego Barranco do Faro.

Un paseo pola beira do mar no que asoman coa marea baixa os restos das praias que quedaron enterradas polos recheos, as estradas e as instalacións portuarias.

PERCORRIDO

Comezamos no **peirao do Con** e beireamos a enseada que acolle as **praias da Miranda** e do **Cristo** ata a **punta da Mosqueira** na que se atopan as instalacións do clube de remo de Tirán e a **praia da Mosqueira**, atrapada entre instalacións portuarias. Logo o paseo continúa polo que foron as **praias do Real, Tirán e Moaña** ata chegar á **Boca do Río** onde comeza o areal mellor conservado da contorna, a **praia da Xunqueira**, e despois dela, separada por unha pequena punta ocupada por un recheo, a **praia do Arnado** e a que foi illa de **san Bartolomeu** na que se atopa o **porto** e as instalacións do clube de remo de Meira. Rodeando a illa entramos no esteiro, ocupado por un amplio areal, e camiñando polo paseo da súa beira pasamos ao pé da **praia da Barqueira** para chegar á desembocadura do rego que o alimenta, onde rematamos.



Punta do Corveiro e Laxes de Masandía



A Pedra do Linguado




Praia do Con



Peirao do Con



Praia da Miranda



Enseada do Con (Tirán)



Porto da Mosqueira



Praia da Mosqueira



O Real: peirao deportivo




Praia de Moaña ou do Puntillón



Boca do Río



Praia da Xunqueira



Enseada de Moaña



Peirao do Chafarro



Porto do Santo (Meira).



Praias da Xunqueira e do Arnado



Praia do Arnado



Museo das Carreiras. Actividade artesanal de confección de cabos e cordas, da que Meira foi un importante centro de producción.



Enseada de Meira. A Ribeira.



Ribeira da Barqueira



Praia da Barqueira



Enseada de Meira



Enseada de Meira co porto do Santo